

Recordatorio de Deberes Legais á Consellería de Facenda e Administración Pública de que a administración debe responder aos escritos presentados pola cidadanía, no termos que estime oportunos e nos prazos previstos pola lexislación

Expediente: A.10.Q/260/23

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2023

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito en relación coas irregularidades que considera que se tiñan producido no proceso de admisión dun Curso organizado pola EGAP.

ANTECEDENTES

Nesa queixa, esencialmente, indicaba que no dito curso tiña sido admitida irregularmente, sempre de acordo cos criterios de admisión, a persoa coa que concorría nun proceso de comisión de servizo, como puido confirmar logo de recibir a documentación que deu orixe a queixa A.4.Q.11338/22

Indicaba que a relevancia desta admisión irregular radicaba na aparente intención de acreditar competencias e/ou formación que non se posúe para o posto que se convocou por comisión de servizo

Reiterada a súa solicitude de información á EGAP a mediados de decembro, non obtivo resposta.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á consellería de Facenda e Administración Pública que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

O Curso superior sobre auditoría no sector público foi convocado por Resolución de 14 de setembro de 2022 (DOG núm. 181, de 22 de setembro) e desenvolveuse, na modalidade presencial, do 5 de outubro ao 30 de novembro de 2022. O número de prazas convocadas ascendeu a setenta. O curso, de acordo co disposto na base segunda da convocatoria, dirixíase ao persoal empregado público dos subgrupos A1 e A2 que presten servizos no Consello de Contas, na

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (IXCA) e nas intervencións das entidades locais de Galicia.

O solicitante presentou, con data 15 de novembro de 2022, a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia e dirixida á EGAP, unha solicitude en relación co citado curso nos seguintes termos:

- *“PRIMEIRO.- Que de acordo coa convocatoria que regula este curso da Egap, se a correcta comprobación dos requisitos fixados para a participación no mesmo demostra que non se cumpren por algunhas persoas participantes, se proceda aplicar de xeito inmediato o disposto na base Quinta punto 6 que sinala que: 'As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas da actividade solicitada e pasarán ao final dos listados de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detectou o feito’*
- *SEGUNDO.- Que supletoriamente, se a dita inclusión na listaxe de persoas admitidas se fixo con coñecemento do persoal responsable da admisión e/ou dirección do propio curso, se proceda igualmente as medidas fixadas para as persoas que non cumpren os requisitos para participar no mesmo e se depuren as responsabilidades de quen permitiu esta situación claramente irregular.*
- *TERCEIRO.- Que en todo caso sexan notificadas as ditas resolucións por medios electrónicos tal e como se indica na presente solicitude”*

Con data 14 de decembro de 2022 reiterou a súa solicitude, requirindo adicionalmente información sobre as actuacións levadas a cabo pola EGAP ao respecto da súa primeira petición, así como que se lle remita a relación de persoas presentadas e aprobadas no exame final do curso.

En relación coas peticións de información realizadas polo reclamante sobre o procedemento de admisión de solicitantes no curso, procede realizar as seguintes consideracións:

Dentro do prazo establecido pola convocatoria, presentáronse 75 solicitudes, das que se tramitaron 13 renuncias de acordo co establecido na convocatoria, polo que o número de solicitantes resultou inferior ao de prazas convocadas. XXX non se atopa entre os solicitantes do curso.

Con data 29 de setembro de 2022 publicouse na páxina web da EGAP a listaxe de persoas admitidas que, tendo en conta as renuncias presentadas con anterioridade a esta data e o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, ascendeu a 42 persoas. Resultaron excluídas aquelas persoas que non reunían a condición de persoal empregado público dos subgrupos A1 e A2 da Administración autonómica e local galegas tendo en conta, á hora de acreditar o desempeño de funcións de intervención, tanto a denominación do posto desempeñado indicado polas persoas solicitantes na Área de matrícula da EGAP como aquelas

solicitudes nas que se declara que o curso no que o alumno se inscribe "Ten relación co meu posto de traballo".

Tendo en conta o volume de cursos convocados e xestionados por este organismo (soamente no ano 2022 convocáronse 875 edicións e 47.093 prazas con máis de 160.000 solicitudes presentadas) é responsabilidade do alumno a veracidade dos datos introducidos na área de matrícula da escola, como así se indica no apartado correspondente á modificación de datos na dita área de matrícula.

Por último, cómpre indicar que o Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública aprobou, na súa reunión do 29 de decembro de 2022, o programa de actividades da EGAP para o ano de 2023, no que se atopa unha nova edición do citado curso superior. Tomando nota das posibles incidencias derivadas da redacción actual en relación co persoal destinatario da convocatoria procederase á adaptación da mesma para clarificar a admisión preferente do persoal que realice funcións relacionadas coa materia.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. A queixa trae causa da non resposta, por parte desa administración, ao interesado da solicitude de información ao respecto dun curso impartido pola EGAP. Segundo se informa por este organismo o interesado non é solicitante nin participante do mesmo; porén, segundo se indicou por parte do interesado tanto no escrito de queixa como na transcripción do escrito presentado por el diante da EGAP, unha das persoas solicitante do mesmo -identificada polo señor XXX- concurría con el no concurso para unha comisión de servizo, xa que logo, a súa admisión no curso podía afectar aos dereitos do interesado de maneira directa.

SEGUNDO. O interesado solicitou a relación de persoas admitidas no curso, relación que foi feita pública a páxina web da EGAP polo que o interesado tiña acceso a dita información. Solicitou, tamén, que se aplicara o disposto nas Bases en relación co falseamento de datos das persoas solicitantes. Argumenta a administración que o alumnado ten a responsabilidade da veracidade dos datos aportados na documentación; sendo iso certo, cómpre lembrar o disposto na Base Sexta da Resolución que convocaba o curso:

1. *Conforme ao disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para a tramitación do procedemento de selección consultarase automaticamente os datos das persoas solicitantes das accións formativas necesarias para realizar o proceso de selección, salvo que a persoa interesada opóñase a iso. Neste caso, a persoa interesada deberá indicalo incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular e enviar, ademais, unha copia dos documentos a cuxa consulta se opón a través da seguinte dirección electrónica: iep.egap@xunta.gal*

2. *No caso de que as persoas interesadas opóñanse a esta consulta, deberán indicalo expresamente incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular e enviar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, tipo de persoal e antigüidade na Administración a través da seguinte dirección electrónica .*

3. *Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.*

4. *A EGAP poderá pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo con os criterios recolleitos nesta convocatoria.*

Polo tanto, tendo en conta que o curso contaba con prazas limitadas e que existía unha concorrencia competitiva para asistir ao mesmo, a administración resérvase a capacidade de avaliar os requisitos para participar na actividade formativa en cuestión. No propio informe se sinala que se “*clarificará a admisión preferente do persoal que realice funcións relacionadas coa materia*”.

TERCEIRA. Respecto á non resposta ao escrito presentado polo interesado diante desa Consellería, cómpre lembrar que, alén de que se leven a cabo outras xestións (como a clarificación dos criterios de acceso dos que fala o informe), a administración está obrigada a responder, sempre, aos escritos presentados polas persoas interesadas.

O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito*. Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

A administración deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

